



## OS 10 ESPAZOS COWORKING DA XUNTA E A EOI ABREN O PRAZO DE INSCRICIÓN PARA QUE MÁIS DE 200 EMPRENDEDORES GALEGOS ACCEDAN A FORMACIÓN E ASESORAMENTO

---

**Convocatoria aberta a emprendedores cun proxecto empresarial en fase temperá de desenvolvemento ou cunha empresa creada recentemente (non máis de 6 meses antes da súa incorporación ao espazo coworking).**

**Estímanse en 22 os emprendedores que poderán participar nesta convocatoria. A convocatoria permanecerá aberta ata cubrir as prazas do Espazo Coworking.**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza nesta edición a súa aposta polo emprendemento coa posta en marcha de tres novos espazos en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI).

Ata o 30 de novembro poderán presentarse as solicitudes para unha nova edición dos espazos Coworking. Aos espazos de Mondoñedo, Monforte de Lemos, Celanova, Vilanova de Arousa, Cabana de Bergantiños, Ferrol, e Santiago de Compostela súmanse tres novos en Palas de Rei, Cenlle e Moaña. As novas aceleradoras están centradas no Camiño, a agroalimentación e o naval.

Máis de 200 emprendedores galegos poderán recibir formación e asesoramento gratuíto nos dez coworking que en datas próximas comezarán as actividades da súa nova convocatoria e para os que se vén de abrir o prazo de inscrición, que remata o 30 de novembro.

**SOLICITAR PRAZA:** <https://www.eoi.es/es/espacios-coworking/vilanova-de-arousa-4a-edicion/admision>

---

Espazo coworking froito da colaboración entre EOI e o [INSTITUTO GALLEGO DE PROMOCIÓN ECONOMICA - IGAPE](#), que conta coa cofinanciamento do Fondo Social Europeo, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo o [IGAPE](#).

### **ACTIVIDADES**

---

Desenvolveranse diferentes tipos de actividades:

### **TALLERES**

---

Asistencia de acceso libre (obrigatoria para os participantes do coworking). Axúdase aos emprendedores para validar o modelo de negocio con metodoloxías áxiles, así como a desenvolver as habilidades imprescindibles para poñelo en marcha:

- “Lean Start Up: Avaliación e validación do teu plan de negocio”; “Crowdfunding”, “Estratexias de comunicación en redes sociais”, “Creatividade e innovación”, “Como poñer en marcha un Plan de márketing dixital”, etc.

### **SESIÓNS DE FORMACIÓN GRUPAL**

---

Dirixidas exclusivamente aos participantes do coworking e por tanto de asistencia obrigatoria para os mesmos. Nelas traballaranse materias específicas para o impulso e despegamento dos proxectos do espazo coworking.

- “Finanzas para emprendedores non financeiros”; “Habilidades de Comunicación”, “Xestión do Talento nun proxecto emprendedor: deseña o teu equipo”, etc .

### **MENTORIZACIÓN**

---

Acceso dos participantes do coworking a sesións de mentorización por parte de expertos centradas en acompañar aos emprendedores desde o deseño de modelo de negocio á posta en marcha e optimización do proxecto, dando resposta ás necesidades que xurdan no camiño.

### **EVENTOS**

---

Celebraranse diferentes actividades encamiñadas a potenciar o networking e compartir best practices, contando coa experiencia doutros emprendedores/expertos e empresarios. Asistencia de acceso libre. Como peche á edición celebrarase o Demo Day durante o cal se presentarán os proxectos participantes no espazo coworking, a súa evolución e as posibilidades de colaboración cos mesmos.

## CONVOCATORIA

---

Convocatoria aberta a emprendedores cun proxecto empresarial en fase temperá de desenvolvemento ou cunha empresa creada recentemente (non máis de 6 meses antes da súa incorporación ao espazo coworking).

Estímanse en 22 os emprendedores que poderán participar nesta convocatoria. A convocatoria permanecerá aberta ata cubrir as prazas do Espazo Coworking.

### DATOS XERAIS

---

SEDE: Vilanova de Arousa

PERIODO: De decembro 2019 a xuño de 2020

MÁIS INFO: [cwarousa@eoi.es](mailto:cwarousa@eoi.es)

**Matrícula gratuíta para os seleccionados, actividade cofinanciada polo Fondo Social Europeo**

## **QUE É COWORKING EOI**

---

- Un espazo de traballo destinado a emprendedores innovadores
- Diseñado para aumentar as probabilidades de éxito de proxectos innovadores en fase temperá de desenvolvemento
- Cun obxectivo: lograr que os emprendedores en pouco tempo poidan poñer en marcha os seus proxectos
- Un nodo do ecosistema emprendedor impulsado por EOI, con acceso a networking, formación e oportunidades de investimento

## **¿QUE ACHEGA O EMPRENDEDOR?**

---

- As ideas: Plan ou Idea de Negocio
- A ilusión e enerxía: Para impulsalo en 5 meses
- O compromiso: Asistencia Obrigatoria

## **¿QUE ACHEGA A EOI?**

---

- Espazo: Acceso a área común de traballo e a salas de reunións
- Compañía: Tutores e mentores, ademais dun programa formativo especializado
- Ecosistema: Pertenza a unha RedEOI de 50 espazos Coworking por toda España e participación en Eventos específicos

## **¿QUEN PODE PARTICIPAR?**

---

- Emprendedores innovadores con proxectos empresariais en fase temperá de desenvolvemento.
- Emprendedores innovadores que creasen a empresa recentemente (máximo 6 meses antes de incorporarse ao espazo)

## **PROGRAMA INTERNACIONAL**

---

- [European Coworkings](#)

## **CONDICIONADO XERAL ESPAZIOS COWORKING**

A superación dos programas cofinanciados por FSE que imparte a Fundación EOI e, en consecuencia, a obtención do Título acreditativo do mesmo, están suxeitas ao cumprimento das seguintes condicións:

### **1. ASISTENCIA PARTE PRESENCIAL**

A asistencia a todas as sesións lectivas, titorías, visitas e demais actividades presenciais do curso é obrigatoria. A xustificación da asistencia farase mediante follas de firmas que se pasarán diariamente ao longo das sesións lectivas ou das recensións de titoría correspondentes.

No caso de ausencia por enfermidade, accidente ou calquera outra causa xustificada, o/a participante notificarao á Dirección do curso canto antes, achegando xustificación documental de tal continxencia.

Para superar a condición de Asistencia, o/a participante deberá asistir como mínimo ao 70% das horas lectivas e 70% das horas de titorías asignadas. A non superación desta condición de Asistencia ao longo do programa poderá supoñer a expulsión do asistente do espazo coworking; tamén poderá supoñer a non participación do participante, nin do seu proxecto, nos eventos programados (incluído o Demoday).

### **2. PROXECTO FIN DE CURSO**

Para superar o curso é condición imprescindible que o/a participante realice e presente, no prazo sinalado, un Plan de Negocio do seu proxecto emprendedor conforme á Metodoloxía EOI establecida. Os diferentes fitos que compoñen este Plan de Negocio deberán ser obrigatoriamente presentados a través da ferramenta EOI Emprende. O Plan de Negocio deberá, ademais, alcanzar a cualificación de APTO (nota mínima de 5 nunha escala de 0-10).

### **3. TÍTULO ACREDITATIVO**

A superación do programa e, en consecuencia, a obtención do Título acreditativo do mesmo require que o/a participante superase todas e cada unha das condicións anteriormente enunciadas. O título reflectirá, a duración en horas lectivas e de titorías asignadas a cada participante.

Todos os traballos e proxectos do espazo coworking xeraranse para o seu coñecemento en aberto tanto no repositorio de xestión documental de EOI en aberto, como en redes sociais e blogs, incluída a actividade Demoday, que será gravada en vídeo e transmitida por streaming. Se a realización dalgún traballo ou proxecto esixise requisitos de confidencialidade deberán ser aprobados pola dirección da área que dirixe este espazo.”